



**Amigos
da Terra**

**CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
AS CORCERIZAS**

Amigos da Terra

Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense

Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020

e-mail: info@amigosdaterra.net

COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL E ETNOGRAFÍA DA SERRA DE SAN MAMEDE-MACIZO CENTRAL OURENSÁ.

O proxecto educativo de As Corcerizas entronca con tres eixos definitorios que aplicamos, como filosofía base, no desenvolvemento das actividades, proxectos e programas: Sentir, Coñecer e Actuar

Sinte o teu entorno multisensorial

Coñece os seus beneficios e as repercusións das nosas actuacións

Actúa de xeito cooperativo para a súa conservación

Definidos nos seguintes Obxectivos didácticos:

- Descubrir, coñecer e comprender as interaccións entre humanidade e medio baseadas nos principios de sostibilidade.
- Chegar a tomar conciencia da importancia do medio ambiente nas vidas cotiás e valorar a transcendencia da mellora do entorno para mellorar a calidade de vida.
- Observar distintas formas de relacións e aproveitamento dos recursos naturais.
- Sensibilizarnos de xeito comprometido.

Co desenvolvemento das actividades de *Coñecemento do Medio Natural*, os/as participantes descubrirán que a Serra de San Mamede resulta un enclave natural excepcional para coñecer os valores ambientais do ecosistema de montaña galego e os recursos etnográficos do noso patrimonio.

Destinatarios/as: a partir de 1º da E.S.O.

Levaremos a cabo unha **ruta interpretativa pola serra**, na que destacan os pastos, carballeiras e os imponentes cumios da serra. Pero esta idílica visión contrasta coa paisaxe duramente transformada pola acción do ser humano que se observa noutras partes da montaña, facendo reflexionar aos/ás participantes sobre a problemática dos lumes, talas masivas, ou reforestacións con especies foráneas. Descenderemos **ata un pobo típico de montaña, Rebordechao**, onde o alumnado poderá coñecer o funcionamento da forxa, o muíño, as colmeas tradicionais, cómo se cocía o pan e a utilidade dos fornos comunais. A ruta etnográfica pode continuar ata **A Ermida**, onde coñecerán as “palleiras”, construcións destinadas a acoller o gando nos duros días de inverno.

Obxectivos específicos:

- Fomentar a conservación e o respecto polo patrimonio como un ben ambiental, social e económico.
- Iniciar ao/á alumno/a no coñecemento multidisciplinar do entorno e da problemática asociada.
- Que os/as participantes comprendan o concepto e recoñezan un proceso de antropización do medio.
- Dar a coñecer e revalorizar o patrimonio da Serra de San Mamede: flora e fauna do ecosistema de montaña e etnografía asociada